

UNIVERSO LGBTIQ+ NAS ARTES ESCÉNICAS GALEGAS ACTUAIS

Por Afonso Becerra de Becerreá

Ola, chámome Afonso Becerra e son de Becerreá, unha vila da alta montaña luguesa. Pertenzo a iso que denominamos colectivo LGBTIQ+ e son profesor de Dramaturxia na Escola Superior de Arte Dramática de Galiza, a ESAD de Galiza, que está en Vigo.

Por que digo que pertenzo ao colectivo LGBTIQ+ e que implica iso? Dígoo porque é necesario facer visible a diferenza. A diferenza é a que fai que exista diversidade, pluralidade e máis riqueza no mundo. É necesario facer visible a diferenza, sobre todo cando esa diferenza implica unha marxinación histórica contra lesbianas, gays, bisexuais, transexuais, intersexuais e persoas *queer*. Ou sexa, contra todas aquelas persoas que non nos identificamos coa tendencia hexemónica e maioritaria da norma heterosexual do patriarcado, na que somos educades desde que nacemos.

Dixen tamén que son profesor de **Dramaturxia** e engado que tamén sou dramaturgo. **E iso que significa?** Pois que me dedico á enxeñaría dos espectáculos, principalmente dos que acontecen nos escenarios teatrais.

O máis bonito dos escenarios é que nos permiten non só imitar as realidades que nos rodean, xogar con elas para poñer o foco en aspectos sobre os que queremos chamar a atención dunha maneira emocionante e que faga pensar á xente. Ademais, tamén podemos crear mundos e facer que algunhas utopías poidan realizarse enriba dos escenarios. Por exemplo, que unhas rapazas que non son delgadas nin teñen os corpos que mandan os canons da moda poidan bailar e actuar expresando a súa felicidade por ser como son e por facer o que máis lles gusta e, aínda por riba, contarnos, a través do teatro, **a historia de Elisa e Marcela, dúas mulleres da Coruña, que se amaban e que foron as primeiras en desafiar á sociedade e casar, en 1901:**

Vídeo ao *teaser* de *Elisa e Marcela* da Cía. A Panadaría:

<https://www.youtube.com/watch?v=FoyHkxyNIUQ>

Artigos sobre *Elisa e Marcela* da Cía. A Panadaría:

<https://www.artezblai.com/elisa-y-marcela-se-casan-en-1901-en-a-coruna-a-panadaria/>

<https://erreguete.gal/2021/03/29/elisa-e-marcela-2/>

Enlace ao libro coa peza *Elisa e Marcela*, publicado pola erregueté:

<https://tenda.erreguete.gal/produto/elisa-e-marcela-esboroamento-tenrura/>

<https://tenda.erreguete.gal/produto/elisa-e-marcela-edicion-especial/>

Elas son **A Panadaría**, Areta Bolado, Ailén Kendelman e Noelia Castro, foron alumnas da ESAD de Galiza, e forman o primeiro grupo de teatro abertamente lésbico da historia do teatro galego. Con *Elisa e Marcela* gañaron o premio María Casares ao Mellor Espectáculo en 2018, o María Casares á Mellor Actriz Protagonista para Areta Bolado, e tamén ao Mellor Texto Orixinal, que temos en libro, publicado pola erregueté, ademais do premio María Casares á Mellor Dirección para Gena Baamonde.

O bo do **teatro**, da **danza**, do **circo** é que son **artes vivas**, ou sexa nas que o público se encontra directamente coas actrices e actores, en vivo e en directo, sen mediación tecnolóxica, sen pantallas polo medio. **Nese encontro o máis importante non é o que se di senón o que pasa, o que sucede entre nós. Porque o que pasa e o que sucede, aínda sendo unha ficción teatral ou un xogo sublimado, aféctanos directamente.** Ou sexa, non é que alguén nos diga, por exemplo, que un home, un rapaz, pode maquillarse e poñer purpurina e saias, senón que iso acontece directamente diante de nós. Por tanto, a acción é inapelable. De repente os desexos fanse realidade no escenario e iso produce emocións e tamén nos fai pensar e, por suposto, pode xerar debates e polémicas.

Vídeo ao *teaser Microspectivas dun marica millennial* da Cía. Incendiaria:

<https://vimeo.com/466530301#>

Artigos sobre o espectáculo *Microspectivas dun marica millennial* da Cía. Incendiaria:

<https://www.artezblai.com/microspectivas-de-un-marica-millennial-y-la-estetica-agrocuir/>

<https://erreguete.gal/2020/06/26/microspectivas-dun-marica-millennial/>

El é **Davide González**, que tamén foi alumno da ESADG, coa compañía **Incendiaria** ao lado da dramaturga e directora **Vanessa Sotelo**, tamén alumna e agora profesora da ESADG. A peza titúlase ***Microspectivas dun marica millennial*** e con ela gañaron o premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal en 2021 e tamén ao Mellor Actor Protagonista. Davide revélanos aquí as súas vivencias de infancia e no instituto, nun contexto rural, o feito de sentirse diferente á maioría e tamén as incompreensións e problemas que sufriu.

A este respecto, temos unha obra que se atreve directamente a poñer en escena o drama do *bullying* na escola e incluso o posible suicidio de Pedro, un cativo de 10 anos, que sofre esa violencia. A obra titúlase ***Mosca*** (2023), está escrita por **Gustavo del Río**, que a dirixiu no teatro coa **Cía. Ártika** de Vigo:

Vídeo ao *teaser* de ***Mosca*** da Cía. **Ártika** Teatro:

https://www.youtube.com/watch?app=desktop&v=DV6_yBcUUM8

Artigo sobre ***Mosca*** da Cía. **Ártika** e tamén sobre ***Menu-do día*** do **Colectivo Chamizo-Bello-Vila**, que aborda o tema das violencias contra as persoas LGBTIQ+

<https://erreguete.gal/2023/12/31/adeus-23/>

Enlace ao libro coa peza ***Mosca*** publicado pola erregueté:

<https://tenda.erreguete.gal/produto/hugo-mosca-gustavo-del-rio-o-can-lluia-cunille/>

En ***Mosca*** de **Gustavo del Río** e no espectáculo da **Cía. Ártika Teatro** podemos ver, a través dos pais do cativo e da súa profesora, o difícil que é lidar cunha situación de acoso escolar, a inxustiza e o perigo que supón. A obra, no último momento, acaba cun final feliz e axúdanos a tomar conciencia sobre esas situacións. A conciencia é importante para que

isto deixe de pasar e poidamos vivir nunha sociedade máis igualitaria e máis xusta, na que se respecten as persoas que non son como a maioría.

Outra peza que denuncia as violencias que sofre actualmente o colectivo LGBTQ+ é **MENU-DO DÍA** (2023) do **Colectivo CBV**, formado por **Alberte Bello, Diego Chamizo, David Vila, Noa Iriarte** e coa colaboración de Ana Esmith – Miss Beige. Un espectáculo moi próximo da performance, no que podemos ver a Alberte Bello en zapatos de tacón, cunhas transformacións de vestiario que fan del un corpo *queer*, nunhas accións escénicas nas que se inclúen documentos audiovisuais que amosan noticias de prensa sobre agresións a persoas do colectivo LGBTQ+, como a que o propio Alberte Bello padeceu un ano antes en Vigo, e declaracións homófobas de responsables de partidos políticos que sementan o odio.

Vídeo ao *teaser* do espectáculo **MENU-DO DÍA** do **Colectivo CBV**:

<https://www.youtube.com/watch?v=PqiSk3r3JM>

Artigos sobre **MENU-DO DÍA** do **Colectivo CBV**:

<https://erreguete.gal/2023/07/20/menu-do-dia-2/>

<https://www.artezblai.com/la-perspectiva-lgtbiq-en-accion-por-justicia/>

Os nosos corpos e as nosas presenzas, na maneira de movernos, de falar, de vestir, de expresarnos, son a nosa carta de presentación. A través do corpo e do movemento, incluso sen necesidade de dicir nada, xa nos retratamos. Coincidimos ou diferimos das normas non escritas que ditan como debemos ser segundo o sexo biolóxico e o xénero que se nos asignou. Neste sentido **a danza, o teatro físico, a performance, aínda exploran mellor esas potencialidades dos corpos en movemento, á hora, por exemplo, de diluír os compartimentos estancos de xénero**. Por exemplo, cando nos poñemos a bailar e nos liberamos dos xuízos e prexuízos, cando nos soltamos, podemos descubrir que o noso corpo vai perdendo as restricións e, de repente, non importa se somos homes, mulleres, interxénero... De repente, desaparece a identidade e os xéneros binarios.

En Galiza está o **Colectivo VACAburra**, formando por **Gena Baamonde** e **Andrea Quintana**, Gena tamén foi alumna da ESADG. O **Colectivo VACAburra** cruza danza, performance e teatro, por tanto rompe os compartimentos estancos do que podemos entender tradicionalmente por danza ou por teatro, para presentarnos corpos invertidos, corpos *queer*.

Un exemplo divertido, que nos axuda a comprender estes aspectos, é a súa conferencia performativa no espectáculo titulado ***Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos***.

Vídeo ao *teaser* do espectáculo ***Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos*** do **Colectivo VACAburra**:

<https://vimeo.com/680567551>

Artigo sobre ***Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos*** do **Colectivo VACAburra**:

<https://erreguete.gal/2023/06/07/metodoloxias-carroneras-para-corpos-invertidos/>

Na danza contemporánea galega, que é aquela que crea movemento para expresar desacougos, ledicias e outras posibilidades, **David Loira** ten feito varias pezas que abordan os soños, os desexos e os pesadelos dun rapaz gay. Na décima edición do festival Escenas do Cambio 2024, da Cidade da Cultura, puidemos ver ***Blondi***, unha peza perturbadora que, tomando como título o nome da cadela de Hitler, chamada así: Blondi, repasa, dun xeito poético e cru, a violencia e a marxinación dos homosexuais, desde os campos de concentración nazis até os nosos días.

Fragmento de vídeo do inicio de ***Blondi*** de **David Loira** en **X Escenas do Cambio 2024** (gravación feita por Afonso Becerra co teléfono desde o público):



Enlace ao vídeo resumo da décima edición do festival **Escenas do Cambio 2024**, onde se poden ver fragmentos de ***Blondi*** de **David Loira**:

<https://www.youtube.com/watch?v=GXbG5pGfTY&t=74s>

Imaxes de ***Blondi*** de **David Loira** en **X Escenas do Cambio 2024** (As dúas primeiras son de Manuel Vicente e a terceira de Afonso Becerra):





Entrevista a **David Loira** sobre *Blondi*:

<https://erreguete.gal/2024/05/04/david-loira-a-mina-relacion-coa-danza-galega-e-dende-a-emigracion/>

Con base nas danzas urbanas e na creación contemporánea, a compañía **Elahood**, formada por **Sabela Domínguez** e **Julia Laport**, traballan desde unha perspectiva LGBTQ+. Fano non só por bailaren xuntas e pola afectividade que se pode sentir entre elas, senón tamén polo seu aspecto e pola dramaturxia das súas pezas. Por exemplo, en **NÓ** (2022), a través dunha viaxe onírica, como de fantasía, pode percibirse o debate actual sobre a deconstrución de xénero e a conciencia de clase.

Vídeo ao *teaser* de **NÓ** de **Elahood**:

<https://www.youtube.com/watch?v=FzaQ9JzJcRk>

Artigo sobre **NÓ** de **Elahood**:

<https://erreguete.gal/2022/02/17/elahood-estrea-no-no-concello-de-oleiros/>

Tamén está ben lembrar *Intempestiva*, a peza breve coa que **Elahood** gañou o Primeiro Premio do Certame Coreográfico de Madrid en 2021 así como o Premio da Crítica dese mesmo certame a nivel estatal. Trátase dunha peza inspirada na figura da poeta Xela Arias,

na que Sabela e Julia nos falan e nos danzan a liberdade de poder escoller o que queremos facer na vida, á marxe das comenencias e do que se supón que son traballos de proveito. Porque, igual que as persoas do colectivo LGBTQ+ sofren marxinação, tamén acostuman sufrila as artes escénicas, consideradas polo sistema de produción e consumismo como pouco útiles. Así pois, as persoas que se dedican ás artes escénicas sofren unha certa minusvaloración, a menos que sexan famosas porque saen na televisión ou no cinema, en produtos de éxito comercial. Se, aínda por riba, esas persoas que se dedican á danza, ao teatro ou ao circo, e que non son famosas, tamén pertencen ao colectivo LGBTQ+, entón sofren unha dobre discriminación. Isto é unha inxustiza que denota falta de empatía, de coñecemento, de comprensión, de respecto e, basicamente, unha falta de educación, no sentido profundo da palabra educación.

Vídeo a un fragmento de *Intempestiva* de Elahood:

<https://fb.watch/sdCK7BfGpY/>

Artigo sobre a inauguración do VII **CORUFEST 2024, FESTIVAL DE ARTES ESCÉNICAS POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL**, que se abriu con *Intempestiva* de Elahood:

<https://erreguete.gal/2024/05/09/elahood-inaugura-a-setima-edicion-do-corufest/>

A realidade transxénero non é aínda moi habitual nas artes escénicas. Temos na cultura irmá portuguesa varias pezas de Gaya de Medeiros, como *BAQUE*, que inaugurou o GUIDance 2023, Festival Internacional de Danza Contemporánea de Guimarães. Un espectáculo integrado por unha equipa artística de 5 persoas transxénero e non binarias, que nos fai achegarnos de maneira moi empática ás súas historias, aos seus desacougos e aos seus sonhos:

Enlace ao *teaser* de *BAQUE* de Gaya de Medeiros:

<https://www.youtube.com/watch?v=7dKWipzWdY0>

Enlace a un vídeo no que **Gaya de Medeiros** explica os desafíos dos corpos trans en escena:

<https://www.youtube.com/watch?v=uSGGlttSADk>

Enlace a un artigo que analiza **BAQUE** de **Gaya de Medeiros** e a presenza de persoas trans e non binarias nos escenarios:

<https://revistas.rcaap.pt/sdc/article/view/34023/23756>

Volvendo ao territorio galego podemos encontrarnos co actor trans **Nicolás Otero, Nico Elsker**, que tamén estudou na ESADG. Entre os diferentes traballos que fai como actor, está o cabaré Drag, como Drang King, e o musical autóctono, xunto ao grupo **Marinita y sus maromas** de Vigo. Nico ten, ademais, un *show* no que actúa cunha selección de contos populares adaptados desde unha perspectiva LGBTIQ+, titulados **CONTOS INVERTIDOS**. A picardía, o humor e a provocación cómica, nun estilo moi popular e festivo, parécenme as súas características máis notorias:

Vídeo a **Nico Elsker** nunha actuación de **Drag King**, facendo *lipsync* con *Toxic* de Britney Spears:

<https://www.youtube.com/watch?v=fRYOpXbx01I>

Vídeo á performance de **Nico Elsker** na **Mostra Internacional Drag King Queer**:

<https://www.youtube.com/watch?v=fMzl4TQ4yXw>


Dentro do xénero do cabaré *posdramático* e *queer*, en 2023, **Alopro** e **Alberte Bello** estrearon unha peza breve titulada **NON OBSTANTE, LIFE IS A CABARET, AS YOU KNOW**, no 4X4 de Vigocultura, con texto e dirección miña. Unha peza pop, que reivindica a Ana Kiro e que fai parodia das poses de Instagramers, Tiktokers, Influencers, avogando por unha vida máis libre e auténtica, na que non sexa necesario venderse nin ter que asumir imposturas.

Vídeo ensaios ***NON OBSTANTE,
LIFE IS A CABARET, AS YOU KNOW.***

Inicio:



Imaxes da estrea de ***NON OBSTANTE, LIFE IS A CABARET, AS YOU KNOW*** no camerino do Auditorio Municipal de Vigo, dentro do programa Vigocultura, 17 e 18 de marzo de 2023:





Enlace a artigo sobre **NON OBSTANTE, LIFE IS A CABARET, AS YOU KNOW** de Alopro:

<https://www.artezblai.com/no-obstante-life-is-a-cabaret-as-you-know-de-afonso-becerra-en-el-programa-4x4-de-vigocultura/>

Entre as miñas pezas breves de temática LGBTQ+, coas que podedes xogar, e que podedes encontrar nos libros: **DRAMATÍCULAS** (Edicións Laiovento, 2010), **TEXTÍCULOS DRAMÁTICOS E POSDRAMÁTICOS** (Edicións Laiovento, 2013) e **PANDRAMA** (Edicións Laiovento, 2022), gustárame resaltar a titulada **UNHA ROSA ENTRE AS PERNAS** (que está no libro *Dramatículas*), porque foi posta en escena por **TEP – Teatro En Punto**, con dirección de **Gloria Rico** e interpretación de **Roberto Leal** e **Xosé Bernal “Farruco”**. Fixérona en espazos non convencionais de moita proximidade co público, nun contexto case de intimidade, como o cuarto de baño d’A Regadeira de Adela (2013), en Compostela, no camerino do Salón Teatro do Centro Dramático Galego (2017), tamén en Compostela, no camerino do Auditorio Municipal de Vigo, dentro do programa 4X4 de Vigocultura (2019), no camerino do Auditorio Municipal Xosé Manuel Pazos Varela de Cangas na 34 Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo 2017. Nesta peza trátase a soidade e a necesidade de amor e afecto nas persoas homosexuais, nun ámbito de relacións efémeras nas que o anonimato dificulta unha felicidade plena. O texto foi escrito para dous rapaces, xusto no momento no que se despiden, despois de ter unha relación sexual. Porén, Gloria Rico escenificouno con dous actores de idade, o cal aínda lle engadiu máis potencia á obra, porque as relacións afectivo-sexuais entre persoas de idade, máis aínda se son do mesmo sexo, adoitan invisibilizarse nos escenarios, igual que na vida.

Artigo sobre **UNHA ROSA ENTRE AS PERNAS** da compañía **TEP – Teatro En Punto**:

[https://teatro.prazapublica.com/post/160369066696/existencialismo-e-política-nunha-rosa-entre-](https://teatro.prazapublica.com/post/160369066696/existencialismo-e-política-nunha-rosa-entre-as?fbclid=IwZXh0bgNhZW0CMTEAAR1wo4gDBVZpNahEo1NzCXI5vWAOWZfczufVcaZiu2-)
[as?fbclid=IwZXh0bgNhZW0CMTEAAR1wo4gDBVZpNahEo1NzCXI5vWAOWZfczufVcaZiu2-](https://teatro.prazapublica.com/post/160369066696/existencialismo-e-política-nunha-rosa-entre-as?fbclid=IwZXh0bgNhZW0CMTEAAR1wo4gDBVZpNahEo1NzCXI5vWAOWZfczufVcaZiu2-)

[YUSP59rCCkZeZgnc_aem_AdAhYvFAQSXvnhgSwDuCboWsy7kAgNsvtkWHl9iUkB-hElvdKkHCECrVHfoYUUYpHC0-Srk74x9JQgxYFtiDAMF6](https://www.teatroenpunto.com/unha-rosa-entre-as- pernas)

Enlace a páxina web da compañía **TEP – Teatro En Punto**, con información básica sobre **UNHA ROSA ENTRE AS PERNAS**:

<https://www.teatroenpunto.com/unha-rosa-entre-as- pernas>

Nota de prensa sobre a estrea de **UNHA ROSA ENTRE AS PERNAS**:

<https://www.artezblai.com/estreno-de-unha-rosa-entre-as- pernas-de-afonso-becerra/>

Enlaces aos libros **DRAMATÍCULAS** (Edicións Laiovento, 2010), **TEXTÍCULOS DRAMÁTICOS E POSDRAMÁTICOS** (Edicións Laiovento, 2013) e **PANDRAMA** (Edicións Laiovento, 2022):

<https://laiovento.gal/CATALOGO/499/DRAMATICULAS.html>

<https://laiovento.gal/CATALOGO/554/TEXTICULOS-DRAMATICOS-E- POSDRAMATICOS.html>

<https://laiovento.gal/CATALOGO/1158/PANDRAMA.html>

Imaxes do espectáculo **UNHA ROSA ENTRE AS PERNAS** da compañía **TEP – Teatro En Punto**:







Cun pé no baile tradicional, a compañía **Fran Sieira Danza** estreou en 2024 **CEIBE**. Unha peza na que reivindica a liberdade das persoas para ser e se expresar como queiran. Nesta peza, a través do símbolo dunhas máscaras que cobren toda a cabeza e que son como un novelo de la vermella, representa todas esas ideas que nos inculcaron de como debemos ser e de como debemos comportarnos segundo os xéneros binarios home/muller. En **CEIBE**, o baile e o canto son unha vía para ceibarse desas restricións empobrecedoras e que coutan a vida das persoas. No elenco, ademais, ides poder ver bailar e cantar a unha das **Tanxugueiras**, **Aida Tarrío**, e tamén a **Martín Mondragón**.

Vídeo ao *teaser* de **CEIBE** de **Fran Sieira Danza**:

<https://www.youtube.com/watch?v=TBcdPD95loc>

Artigo sobre o espectáculo **CEIBE** de **Fran Sieira Danza**:

<https://erreguete.gal/2024/03/29/ceibe/>

E xa para rematar, vou recomendarvos algunhas lecturas. Por exemplo, a peza de teatro titulada **HOME** de **Iván Caloto**, publicada pola erregueté, sobre os distintos tipos de masculinidades, a través do diálogo entre os homes que pertencen a diferentes xeracións, dentro dunha mesma familia, o avó, o pai, o fillo non binario, o tío gay.

Enlace ao libro **HOME** de Iván Caloto:

<https://tenda.erreguete.gal/produto/bailar-agora-home/>

Quero recomendarvos tamén o libro **NÓS, XS INADAPTADXS. REPRESENTACIÓNS, DESEXOS E HISTORIAS LGBTIQ NA GALIZA**, coordinado por Daniel Amarelo en Através Editora. No que podedes encontrar dous capítulos dedicados as artes escénicas. Un de Gena Baamonde titulado “Machonas, travestismos e contraxéneros na práctica escénica galega” e outro meu titulado: “Dramaturxia queer e contestación estética en Galiza”.

Enlace ao libro **NÓS, XS INADAPTADXS. REPRESENTACIÓNS, DESEXOS E HISTORIAS LGBTIQ NA GALIZA**:

<https://www.atraves-editora.com/produto/nos-xs-inadaptadx/>

Tamén vos convido a entrar na páxina web da **erreguete / Revista Galega de Teatro**, onde poderedes encontrar unha sección especial que se chama “**PALCOS LGBTIQ+**” con artigos sobre espectáculos, festivais, entrevistas, opinión, e descubrir moitas iniciativas e artistas do colectivo LGBTIQ+

<https://erreguete.gal/temas/lgbtiq/>

Por último, só me resta animarvos moito a **ir aos teatros e disfrutar das artes escénicas**. Se alguén vos di que non lle gusta a danza ou o teatro é porque aínda non tivo a oportunidade de alucinar e voar coas **artes vivas**. Porque o teatro e a danza, as artes escénicas, tratan da vida a través do xogo. **Se che gusta a vida, tamén che van gustar as artes escénicas, porque nelas a vida intensifícase, brilla e énchese de cores, igual que as do arco da vella que loce na bandeira LGBTIQ+**